



“ O Software Libre, é unha excelente ferramenta para dotar ás empresas galegas dun maior grao de eficiencia no seu investimento en TIC, así como dun maior grao de independencia tecnolóxica, podendo aumentar deste xeito tanto a súa produtividade como a súa competitividade.

Pola súa banda, o tecido TIC galego está a incorporar cada vez máis as tecnoloxías e solucións de software libre na súa carteira de produtos, xerando liñas de negocio cada vez máis baseadas no coñecemento, se ben é certo que de momento estas novas liñas de negocio aínda non están a ter un eco suficiente por parte das empresas cliente.

Conscientes dos beneficios que o software libre e de fontes abertas pode aportar tanto no ámbito empresarial xeral como no ámbito empresarial TIC, e tamén conscientes da necesidade de traballar na difusión destes produtos e solucións de calidade como camiño para minimizar as retencencias que moitas veces xurden na adopción destas tecnoloxías, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia (SXMIT) colaborou con AGASOL na elaboración do presente catálogo de produtos e servizos TIC baseados en software libre.

Co presente catálogo tanto a SXMIT como AGASOL achéganlle ao sector empresarial de Galicia unha ferramenta de gran utilidade tanto para coñecer que produtos e servizos de software libre son os que mellor poden resolver as súas necesidades tecnolóxicas concretas, como que empresas galegas teñen a capacitación e experiencia suficientes para levar a cabo a súa implantación. Deste xeito, o presente Catálogo non só achega unha simplificación da sempre complexa tarefa de investigación sobre solucións tecnolóxicas, senón que tamén fornece unha canle para fortalecer os lazos entre as empresas TIC galegas e o resto do noso tecido empresarial.

”

- 1** Breve introdución e uso do catálogo, **1**
- 2** Situacións e respostas, **3**
- 3** Empresas de Agasol, **8**
- 4** Produtos, **26**
- 5** Táboas cruzadas de categorías e produtos con empresas, **60**
- 6** Mapa xeográfico, **61**

# 1

## Breve introdución e uso do catálogo

### Introdución

O catálogo de produtos e servizos de Agasol pretende ser unha ferramenta para calquera interesado en coñecer as posibilidades que brinda actualmente o software libre.

O software libre fai uns anos era un gran descoñecido na sociedade galega, onde a xeración de negocio se restrinxía exclusivamente ao software privativo. Porén, a tendencia cambiou e a maioría de empresas xa utilizan software libre en diferentes ámbitos, ben sexa base de datos, xestión de redes, seguridade, etc.

Por iso, Agasol considera necesario o desenvolvemento do catálogo co obxectivo de achegar o software libre ás empresas galegas e reducir así, a distancia entre o coñecemento que teñen en relación ao software privativo.

### Software libre

O software é a colección de programas e datos que ofrecen instrucións indicándolle ao ordenador que debe facer. A diferenza entre o software libre e o privativo radica na “liberdade” dese conxunto de instrucións chamadas “código fonte”.

O software libre é o software que pode ser estudado, usado, modificado e distribuído sen necesidade de solicitar permiso a ninguén, incluíndo aos autores orixinais; é dicir, non existe un órgano ou persoa que teña o control do código fonte nin pode restrinxir o seu uso aos demais.

A importancia de dispor do código fonte libremente radica en que exclusivamente este código permite realizar modificacións sobre o funcionamento final dos programas; esta é a única forma de garantir que o usuario final non estea atado a un único organismo ou persoa que dispoña de acceso a este código; e en consecuencia proporciona liberdade para arranxar problemas, melloralo ou modificalo.

Alguns dos beneficios do software libre para as empresas galegas son: independencia do provedor, liberdade de uso e distribución, fomento da libre competencia, uso de formatos estándar e eliminación de custos de licenzas reinvestidos en servizos.

## Uso do catálogo

O catálogo de produtos e servizos de Agasol está formado por varios apartados:

- 1 **Introdución e uso do catálogo.** Sección de introdución ao software libre e ao uso do catálogo.
- 2 **Situacións.** Sección organizada a modo de preguntas e respostas onde o lector poderá entender que alternativas hai no software libre a problemas comúns.
- 3 **Empresas de Agasol.** Sección na que se amosa a lista de empresas que integra Agasol cos seus datos básicos. Este apartado permitirá ao lector dispor dun listado de empresas especialistas en solucións de software libre.
- 4 **Produtos e servizos.** Catálogo de produtos e servizos categorizados que ofrecen as empresas de Agasol arredor do software libre. O dito catálogo ten como obxectivo facilitar ao lector a busca de soporte en ferramentas de software libre.
- 5 **Táboa cruzada de empresas e categorías.** Sección cunha vista rápida e visual das empresas e categorías de produtos e servizos que ofrecen.
- 6 **Mapa xeográfico.** Sección coa localización xeográfica das empresas de Agasol. O lector poderá coñecer que empresas ten próximas para a resolución de problemas con software libre.

# 2

## Situacións e respostas



### **Necesito unha web para a miña empresa. Que podo facer?**

En software libre existen moitas alternativas: se o que necesitas é un website con contidos dinámicos, a solución é un xestor de contidos. Existen moitos xestores de contidos en software libre. Calquera deles é válido para implantar unha extranet, intranet ou un portal de servizos. En **Agasol** existen varias empresas que ofrecen os seus servizos arredor de certos xestores de contidos.

Porén, se as necesidades son específicas para certos tipos de web, como por exemplo, unha tenda online, existen outras aplicacións en software libre altamente competitivas, é o caso de **Magento**, **Pres-taShop** ou **Satchmo**.



### **Necesito xestionar os meus documentos dixitalmente. Que podo facer?**

Hoxe en día hai sistemas en software libre que permiten levar unha xestión integral de documentos seguindo algúns dos estándares arredor da documentación. Algúns dos máis coñecidos son **Alfresco** ou **OpenDocMan**.



### **Necesito dispor dun cadro de mando e informes sobre o que está a ocorrer na miña empresa, teño algunha alternativa en software libre?**

Hai diversas alternativas para resolver este problema en software libre. O mais coñecido é **Pentaho**, que é unha aplicación de "*Business Intelligence*", porén, existen outras ferramentas específicas que tamén resolven problemas similares ofrecendo xeración de informes, cruces de datos, etc. Estas ferramentas acostuman a ser utilizadas en desenvolvementos de proxectos para ofrecer informes asociados.



## Como podo xestionar os meus contactos, oportunidades e axendas?

É frecuente que a xestión de contactos, oportunidades, clientes ou axendas se realicen con ferramentas de xestión de clientes: as siglas en inglés son **CRM**. Estas ferramentas acostuman ser específicas para a administración de clientes, contactos comerciais con eles, axenda compartida, oportunidades e orzamentos.

Xeralmente estas ferramentas ofrecen funcionalidades adicionais, como unha xestión de proxectos. É importante destacar que existen ferramentas que solucionan problemas máis xerais, como as aplicacións de xestión de recursos empresariais (**ERP**), nos que a axenda e a xestión de clientes son un módulo máis da solución completa.



## Existen ferramentas de xestión para a miña empresa?

Claro, existen diversos tipos de ferramentas de xestión. Moitas delas están orientadas a resolver problemas concretos dunha empresa. Porén, existen moitas outras aplicacións que permiten resolver problemas comúns da xestión dunha empresa.

O exemplo máis típico é a xestión global. Existen varios sistemas de xestión dos recursos da empresa, tamén coñecidos como **ERP** que permiten administrar distintos ámbitos da empresa: facturación, compras, almacén, produción, etc. Exemplos de **ERP**'s libres son: **OpenERP**, **OpenBravo**, **AbanQ**, etc.

Porén, existe software específico para a xestión de diversos ámbitos:

- **Contabilidade:** existen pequenas ferramentas de xestión de contabilidade como **Gnu Cash** ou **Bulma Cont**.
- **TPV:** existen pequenas ferramentas de xestión de terminais puntos de venda como **BTPV**.
- **Xestión de proxectos:** Existen ferramentas que permiten xestionar proxectos como **NavalPlan**, **Redmine** ou **openproj**.
- **Xestión de centros culturais,** está dispoñible **DeporXest**.

As empresas de **Agasol** poden ofrecer solucións de xestión a cada caso, polo que ante calquera dúbida pónase en contacto coa asociación.



### **Ultimamente a administración debe ofrecer servizos electrónicos. Existen ferramentas en software libre que as ofrezan?**

A raíz dun cambio legislativo, a administración estatal e local deben modernizarse e adaptar os servizos que ofrecen, xeralmente, a través de servizos presenciais, para que sexan ofrecidos a través de servizos electrónicos. Por esta razón, fóronse desenvolvendo proxectos de administración electrónica que facilitan a realización de xestións de expedientes online aos usuarios. O enfoque colaborativo do Software Libre xera unha vantaxe competitiva xa que varias administracións poderían colaborar no desenvolvemento de diversos procedementos comúns, procedementos que poderían ser aproveitados tamén por outras administracións. Existen varias solucións de administración electrónica libres, e en **Agasol** existen varias empresas que ofrecen servizos de implantación ao redor de ditas solucións.



### **Necesito ofrecer un curso online, como podo facer?**

Para isto existen ferramentas libres, como **Moodle**, **Dokeos**, **eFront** etc. que permiten xestionar cursos online. Estas plataformas de teleformación en software libre permiten desenvolver múltiples funcionalidades dirixidas á creación de cursos, á súa impartición e titorización.

A través de ferramentas de software libre, como o editor **eXe Learning**, creamos novos cursos con formatos estándares para a súa integración en plataformas.



### **Teño varios ordenadores, impresoras, servizos na miña empresa. Existen ferramentas para xestionar todo isto?**

**GNU/Linux** destacou sempre por ser un sistema aberto. Isto significa que é posible, entre outras cousas, chegar a niveis de configuración moi altos. Porén, existen organizacións que prefiren ter centralizada a xestión da rede, usuarios, impresoras e outros servizos. Para iso existen varios sistemas libres que o permiten, os máis coñecidos son: **Zentyal** e **SME server**.



### **Hoxe en día o traballo en colaboración é moi importante, como podo crear unha infraestrutura para o aproveitar?**

Dentro do software libre existen moitas ferramentas que dan solución ao problema de traballo en grupo. A diferenza é a aproximación dada por cada unha das solucións. Por exemplo, existen ferramentas de edición colaborativa (**wiki's**) que permiten traballar en cooperación de modo que todos os usuarios poden editar ou acompañar documentos a unha mesma páxina, e é o sistema o encargado de almacenar versións ou revisións dos datos almacenados. Existen varias solucións deste tipo: **twiki**, **mediawiki** ou **Foswiki**. Existen outro tipo de ferramentas máis orientadas á xestión de grupos, axendas compartidas, correo electrónico ou outras funcionalidades de grupo que permiten realizar a xestión colaborativa de equipos de traballo. O exemplo máis claro deste tipo de ferramentas é **eGroupware**.



### **Necesito dispor dun sistema de información xeográfica. Existen alternativas libres?**

Recentemente, tanto administración como empresas veñen desenvolvendo sistemas de información xeográfica libres que permiten contar con unha solución que actúe como alternativa solvente ás privativas. Isto inclúe aplicacións de escritorio (**GvSIG**, **Sextante**, **Cosmo**) e plataformas para servir datos na web (**Degree**, **MapServer**), afectando ós datos xeográficos (**Open StreetMap**). O exemplo máis claro deste movemento é **gvSIG**, un proxecto que xorde de man da Generalitat Valenciana e que conta cun tecido empresarial arredor do mesmo, entre as que se encontran empresas de **Agasol**.



### **Gustaríame dispor das aplicacións no meu idioma, ademais, necesito que estean en varios idiomas. Como resolvo esta situación?**

Con frecuencia o software libre ofrece a posibilidade de traducir a diferentes idiomas as aplicacións a través de procesos de internacionalización e localización. A calidade lingüística nas aplicacións é fundamental para o seu correcto manexo e para unha adecuada administración e interacción cos programas.

Acompañando novos desenvolvementos, realízase un traballo colaborativo de tradución a linguas en proceso de normalización, como o galego, no que participan persoas, colectivos ou institucións, de modo que, hoxe en día as ferramentas de software libre máis comúns xa están dispoñibles en varias linguas, entre elas o galego.



### **Existen alternativas ao Microsoft Office?**

Claro, **OpenOffice** e **LibreOffice** son as alternativas libres a **Microsoft Office** que lle permitirán comunicarse con calquera outra persoa que utilice calquera sistema ofimático. Porén, non só **OpenOffice** é unha alternativa viable senón que existen varios proxectos como **Gnumeric** ou **Koffice** que pretenden dotar ao usuario da posibilidade de utilizar suites ofimáticas sen depender de **Microsoft**.



### **Necesito unha plataforma para comunicarme e xestionar de forma satisfactoria a relación cos meus clientes. Hai algunha solución en software libre?**

A solución máis adecuada é unha plataforma baseada en tecnoloxía de rede social. En **SocialWire Labs** podemos desenvolver unha solución de código aberto a medida das súas necesidades a partir do núcleo de rede social de **Elgg**. En particular resultan de sumo interese os denominados sistemas de **CRM Social** que permiten captar ideas dos clientes, votar por elas, mostrar o seu seguimento, responder dúbidas, preguntas e que permanezan para consultas futuras, ou resolver problemas ou incidencias (públicas e privadas) e rexistrar a súa evolución.

## 3

Empresas  
de Agasol **ABERTAL NETWORKS**

Rúa Xílgaro 1. 15100 Carballo. A Coruña.  
 T 981 757 815. F 981 757 864. [www.abertal.com](http://www.abertal.com).  
**Contacto:** Manuel L. Pan: [pan@abertal.com](mailto:pan@abertal.com)

*Consultaría TIC e desenvolvemento de aplicacións web.*

 **AITIRE**

Rúa Colón 20 - Centro de negocios AG. 36201 Vigo. Pontevedra.  
 T 986 163 050. F 986 163 051. [www.aitire.es](http://www.aitire.es)  
**Contacto:** Alejandro Escobar: [alejandro.escobar@aitire.es](mailto:alejandro.escobar@aitire.es)

*Aitire é unha consultora informática especializada en software libre constituída no ano 2006. Ao abeiro das directrices da Open Source Initiative proporcionan aos seus clientes as mellores ferramentas para o seu traballo diario.*

*A nosa liña de negocio baséase na instalación, administración e xestión de sistemas e infraestruturas informáticas para empresas.*

**Certificacións, distribuidor, homologacións:**  
 Zentyal Silver Partner & Dell Premier Reseller

**Servizos**

**Sistemas a medida:** Aitire leva a cabo proxectos informáticos relacionados co desenvolvemento, evolución e mantemento de sistemas informáticos, principalmente GNU/Linux, en áreas como a seguridade, almacenaxe, despregamento, mantemento de aplicacións e migracións.



## ALLENTA CONSULTING

Rúa Enrique Mariñas, 36. Planta 2, oficina 8. 15009 A Coruña.

T 881 922 600. info@allenta.com. [www.allenta.com](http://www.allenta.com)

**Contacto:** Roberto Moreda, Diego Losada, Roberto Alonso

*Allenta Consulting ofrece servizos de consultoría para empresas con sistemas IT baseados en contornos críticos baixo o sistema operativo Linux. Allenta está especializada, entre outros, nos seguintes campos: sistemas de firewall/rede VPN IPSec sobre Linux a nivel corporativo; sistemas de detección de intrusión sobre Linux e análise de incidentes de seguridade; sistemas de alta dispoñibilidade en cluster para servizos IP con Linux IBM TSAM e Heartbeat; sistemas de backup corporativo sobre Linux IBM TSM e Báculo; sistemas de cluster de proxies perimetrais para filtrado de correo e cache web.*

### **Certificacións, distribuidor, homologacións:**

*Allenta conta con certificacións de calidade e medioambiente (ISO 9001 e ISO 14001)*

**Partners:** IBM, Citrix, Novell



## BDUNK

Avda Conde Fenosa 45, 6A. 32300 O Barco. Ourense.

T 988 682 481. M 657 258 937. [www.bdunk.com](http://www.bdunk.com)

**Contacto:** José Ramón Pena Rodríguez: moncho@bdunk.com

*Bdunk é unha empresa onde se une FLOSS (Free/Libre Open Source Software) co mundo real. Traballan con hardware libre (Arduino). Para poder actuar no contorno usan a linguaxe Processing coa que crean aplicacións de domótica ou industriais.*

### Servizos

**Programación con Processing:** con Processing creamos paneis desde os que controlar por porto serial, ethernet, zigbee, ... actuadores ou sensores (luces, calefacción, sensor de temperatura,...)



## COMTEC

Estrada de Catabois, 326. 15403 Ferrol. A Coruña.

T 881 931 944. F 881 953 651. info@comtecsf.es. [www.comtecsf.es](http://www.comtecsf.es)

*Compromiso Tecnolóxico Software Factory (ComtecSF) nace en Ferrol en maio de 2007 xerando máis de 20 postos de traballo de carácter estable na bisbarra de Ferrolterra. Son unha empresa nova e dinámica especializada no desenvolvemento de sófware cuxo principal obxectivo é proporcionar solucións innovadoras e de alta calidade. Desde o primeiro ano traballan para grandes clientes tanto do tecido empresarial galego como de ámbito nacional e internacional, como poden ser o Grupo Santander, Caixa Galicia... desenvolvendo aplicacións en diferentes tecnoloxías: Java, PHP, .NET, Cobol, PL1... Actualmente dispoñen de experiencia en diferentes ámbitos e contornos, adaptándoos sempre ás necesidades dos seus clientes e intentando asesoralos para que os proxectos TIC que emprendan sexan de total éxito e satisfacción.*



## CONEXIONA

Parque tecnolóxico de Galicia. Técnopole I, Oficina 16. 32900 San Cibrao.

Ourense. T 988 105 919 - 988 368 170. F 988 368 171. [www.conexiona.es](http://www.conexiona.es)

**Contacto:** José Antonio Losas: [joseantonio@conexiona.es](mailto:joseantonio@conexiona.es)

*Conexiona é unha empresa que ofrece solucións tecnolóxicas ás comunicacións e infraestruturas de datos das empresas, cun enfoque moi marcado para a prestación de servizos de valor engadido. Entre os servizos que ofrece CONEXIONA en sófware libre, destacan:*

1. **Solucións integrais de telefonía IP.** Aforros importantes no custo das súas comunicacións, cunha xestión máis eficiente e aumento do valor engadido (domótica, monitorización enerxética, etc.)
2. **Virtualización de servidores.** Unificación dos seus servidores, aforro enerxético e sinxeleza na administración. Redución de tempos en posta en marcha de novos servizos.
3. **Filtrado de contidos de internet.** Solución que permite o control de accesos a internet e a monitorización da actividade dos usuarios en internet.
4. **Consultoría tecnolóxica.** Asesoramento a empresas co obxectivo de dar a coñecer o contorno tecnolóxico.

**Certificacións, distribuidor, homologacións:**

*Conexiona pertence a Agasol e á asociación Vindeira. Conta tamén con certificacións de calidade en ISO 9001, ISO 27000 en seguridade da información e para o desenvolvemento e deseño de software libre. Contamos co DCAP que acredita a Conexiona como entidade que traballa con Asterisk de modo oficial.*

**Partners:** Os partners de CONEXIONA son LANCOM Systems, AVANZADA 7, CISCO SYSTEMS, Inc, FORTINET, POLYCOM, DIGIUM e PRESENCE TECHNOLOGY.

**Servizos**

**Telefonía IP:** Xestión eficiente no custo das súas comunicacións e aumento do valor dos servizos asociados (domótica monitorización enerxética, etc)

**Virtualización de servidores:** Unificación de servidores para conseguir aforro enerxético e sinxeleza na administración. Redución de tempos en posta en marcha de novos servizos.

**Filtrado de contidos de internet:** Solución que permite o control de accesos a internet e a monitorización da actividade dos usuarios en internet, mellorando a produtividade e a seguridade dos equipos.

**Consultoría tecnolóxica:** Asesoramento a empresas e profesionais, co obxectivo de dar a coñecer o contorno tecnolóxico, as novidades de mercado e as mellores tecnoloxías aplicables á solución de problemas e á mellora de procesos

**CORUNET**

Rúa Sor Joaquina, 2-4 Entreplanta B. 15011 A Coruña.

T 981 160 133. F 981 922 554. [www.corunet.com](http://www.corunet.com)

**Contacto:** Daniel Ramos Lobón: [dramos@corunet.com](mailto:dramos@corunet.com)

*Desde fai máis de dez anos dedícanse a desenvolver proxectos en internet. Desde sitios presenciais ata aplicacións complexas, distribuídas, orientadas a servizos, mashups ou intranets, o seu obxectivo é achegar a súa experiencia e coñecementos para obter resultados visibles en internet, desenvolvendo ferramentas que permitan aos seus clientes ser máis competitivos neste medio e obter o máximo retorno da súa inversión.*

Os seus clientes pertencen a dous grupos: o primeiro deles delega neles a responsabilidade de toda a súa estratexia en internet para a súa empresa ou proxecto, deixando nas súas mans o desenvolvemento completo; o segundo, busca unha colaboración nun aspecto determinado, sexa desenvolvemento, deseño, integración, bases de datos, etc.

**Certificacións, distribuidor, homologacións:**

Corunet S.L., dispón dun sistema de xestión da información conforme coa norma UNE-ISO/IEC 27001:2007 e coa norma UNE-EN ISO 9001:2008

**Servizos**

**Mundo sen violencia:** Plataforma de contacto entre axentes para evitar maltrato a mulleres

**Central de Reservas on-line:** Xestión de reservas de establecementos de hostalería.



## DIMENSIONA

Rúa Londres, 1, baixo. 15707 Santiago de Compostela. A Coruña.

T 981 564 579. info@dimensiona.com. [www.dimensiona.com](http://www.dimensiona.com)

**Contacto:** María José Fernández Fernández

*Dimensiona é unha empresa innovadora, creada no ano 2000, que está especializada na consultoría informática e na prestación de servizos no ámbito das tecnoloxías da información e comunicación a profesionais, empresas, asociacións e administracións públicas coa creación de ferramentas de xestión personalizadas e o deseño e desenvolvemento de proxectos web e de comunicación na rede.*

**Liñas de actividade**

- Consultoría e asesoramento en tecnoloxías da información e da comunicación.
- Desenvolvemento de aplicacións a medida.
- Solucións de comunicación en internet baseadas en software libre; deseño, montaxe e mantemento de sitios web.
- Servizos de outsourcing.

## Servizos

### **Solucións de comunicación en internet:**

*O catálogo de servizos integra:*

- *Consultoría en comunicación e posicionamento na rede.*
- *Definición da arquitectura da información e navegabilidade de sitios web; deseño gráfico e integración de imaxe corporativa.*
- *Tratamento de contidos e BD.*
- *Desenvolvemento de ferramentas de busca e almacenaxe de recursos*
- *Módulos de explotación estatística*
- *Mantemento tecnolóxico ou informativa.*
- *Creación de intranets; xestión de dominios e aloxamento.*



## EGALCOM

Avda de Algeciras 39 Entlo Neda. 15510 A Coruña

T 902 998 518 - 636 876 749. F 902 998 518

marcos@egalcom.com. **www.egalcom.com**

*Egalcom nace en marzo de 2004 co obxectivo de ofrecer asesoramento especializado ao tecido comercial e empresarial no ámbito das telecomunicacións e a informática, involucrándose no deseño, implantación e mantemento de solucións a medida das necesidades de cada cliente.*

*Coa especialización e a implantación dos sistemas informáticos, a empresa situouse no campo do desenvolvemento de solucións avanzadas de software libre, cun equipo de consultores e desenvolvedores con experiencia e formación en tecnoloxías de última xeración.*

*A empresa prové de todo tipo de solucións, tanto a clientes privados como a administracións, e comercializa a implantación dos seus produtos de software libre máis implantados e utilizados como DeporXest, Xerpa, Teveos ou Evoa.*

*Cunha experiencia contrastada e un portfolio de clientes moi selecto, Egalcom consolidouse como unha das empresas de software libre máis activas de Galicia, se necesita unha solución informática Egalcom pode axudarlle. “O coñecemento a fondo do traballo dos seus clientes é a garantía do seu éxito”.*



## FORMATEN

Rúa Aragón, Baixo. 36206 Vigo. Pontevedra. T 986 221 351. [www.formaten.com](http://www.formaten.com)



## IGALIA

Bugalla Marchesi, 22, 1º. 15008 A Coruña. T 981 913 991 - . F 981 913 949  
Rúa Italia 35-37 oficina 9. Pontevedra. T 986 107 610.  
[info@igalia.com](mailto:info@igalia.com). [www.igalia.com](http://www.igalia.com).

**Contacto:** Xavier Castaño García: [xcastanho@igalia.com](mailto:xcastanho@igalia.com)

*Igalia é unha empresa de software Libre europea con sede en Galicia, composta por 39 desenvolvedores de 7 países diferentes. Igalia ofrece consultoría, desenvolvemento e formación. Entre as súas áreas tecnolóxicas conta coa área web e a área desktop&mobile:*

- **Área web:** Conta con especialistas en tecnoloxías RIA (Javascript, ZK), desenvolvemento de aplicacións de negocio (Java, Hibernate, Spring) e xestión de contidos (Typo3, PHP).
- **Área desktop&mobile:** Conta con hackers especializados na pía de tecnoloxías: Kernel, GNU/Linux, Gnome, Freedesktop.org e Webkit; ten desenvolvido proxectos sobre plataformas como Meego, Moblin ou Limo e ofrece proxectos de desenvolvemento upstream.

### **Certificacións, distribuidor, homologacións:**

*Igalia pertence ao Advisory Board da Gnome Foundation, a Vindeira e é cofundador de Agasol. Conta tamén con certificacións de calidade en ISO 9001 para o desenvolvemento e deseño de software libre.*

**Partners:** Igalia forma parte do Intel Software Partner Program

### **Servizos**

**Servizo de desenvolvemento web:** Igalia conta con enxeñeiros desenvolvendo aplicacións RIA para grandes e pequenas empresas. Igalia foi responsable de lanzar proxectos claves como NavalPlan. Tecnoloxías: Ajax (ZK, YUI, jQuery, extJS), Java (Spring, Hibernate, Tapestry, Jasper Reports), Typo3, etc.

**Desenvolvemento de escritorio e móbil:** Igalia conta con anos de experiencia en desenvolvemento de escritorio e tecnoloxías de embebidos. As principais áreas de traballo son: navegadores, multimedia, plataformas, distribucións, email, UI/Toolkit e embebidos.



## IMAGOS

Rúa Sierra de Queixa, 32, 2º Izquierda. 32005 Ourense.

T 625 332 428 - 693 757 819. [info@imagos.es](mailto:info@imagos.es). [www.imagos.es](http://www.imagos.es)

**Contacto:** Eugenio

- CloudComputing (CPD de Rumania).
- Virtualización de Servizos/Servidores (Xen/VSphere).
- Ulteo Services (Web Applications).
- Datawarehousing.
- Paneis informativos inalámbricos (3G) (PlanE Concello de Amoeiro).
- Servizos de Call Center e xestión de Calidade (actualmente para Mercedes Rumania).
- Solucións de Rede integradas (solucións a medida de VPN balanceadas/failover, asterisk, firewalling....).



## IMATIA

P. I. A Granxa, paralela 1 (calle D). 36400 O Porriño. Pontevedra. T 986 342 774

Rúa Enrique Mariñas 36 - Andar 8 - 15009 A Coruña. T 881 242 970

[contact@imatia.com](mailto:contact@imatia.com). [www.imatia.com](http://www.imatia.com)

*O obxecto social de Imatia é o deseño, desenvolvemento e comercialización de produtos, solucións e sistemas innovadores baseados no uso intensivo das tecnoloxías da información.*

*Imatia explora catro liñas de negocio diferenciadas:*

- **Optimize:** tecnoloxía para o desenvolvemento rápido de aplicacións de xestión.
- **Imatia Labs:** realización de proxectos de deseño, desenvolvemento e implantación de software empregando fundamentalmente Optimize, Elastic Business e Cívidas.
- **Empresas:** utilizando Optimize, Imatia desenvolveu diferentes produtos, entre o que destaca Elastic Business, que é unha solución modular para a xestión integral de empresas.
- **Administracións Públicas:** tamén empregando Optimize, desenvolveu-se Cívidas, que é unha solución flexible para a xestión de expedientes, orientada á prestación de servizos ao cidadán desde as administracións públicas.

**Certificacións, distribuidor, homologacións:**

ISO 12207 (UNE 71044)

**Partners:**

Imatía pertence a varias asociacións, entre outras Agasol, Eganet, Ineo, cluster Tic

**Servizos****Imatía Labs:**

Liña centrada na de investigación, deseño, desenvolvemento e implantación de software. Fundamentalmente:

- Proxectos de I+D.
- Proxectos de desenvolvemento para clientes finais ou de compoñentes.
- Servizos de formación, asesoramento e apoio en Ontimize.

**ITG**

Polígono Pocomaco Sector I Portal 5. 15190 A Coruña.

T 981 173 206. F 981 173 223. [www.itg.es](http://www.itg.es)

**Contacto:** Oscar Gonzalez Represas: [ogonzalez@itg.es](mailto:ogonzalez@itg.es)

ITG aposta desde o seu inicio polo desenvolvemento de aplicativos orientados ao mundo empresarial galego baseados en código aberto. Neste sentido, contéplanse as seguintes liñas:

- **ERP HGPyme:** sistema de xestión empresarial para Pemes.
- **HGIInnova:** sistema de xestión para centros tecnolóxicos e CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN
- **Cadro de Mando Eclipse BIRT:** sistema para a obtención de indicadores empresariais mediante o uso de ferramentas BI
- **Zigbee:** plataforma de redes sensoriais para sectores tales como o agrícola, marítimo, etc mediante o uso de hardware sensorial e comunicacións a contorno centralizado para explotación, análise e actuación baseado en ferramentas de BI.
- **Presuposta.com:** sistema para a xeración de orzamentos on line do sector da construción baseados no estándar Bc3 FIEBDC.



## PEXEGO

Avenida de Magoi, 66. 27002 Lugo. T 982 801 517. F 982 801 517  
 info@pexego.es. [www.pexego.es](http://www.pexego.es).

**Contacto:** Gonzalo Núñez C., Francisco González B.

*PEXEGO SISTEMAS INFORMÁTICOS S.L é un spin off da Universidade de Santiago de Compostela e nace como unha IEBT (Iniciativa Empresarial de Base Tecnolóxica); cualificada pola Xunta de Galicia, desenvolve a súa actividade no ámbito das novas tecnoloxías da información e a comunicación, e céntrase en tres liñas de negocio ben diferenciadas:*

- *Aplicacións en software libre a medida para empresas, sobre todo en soporte online (ERPs, comercio electrónico, xestión, etc).*
- *Proxectos de e-learning e materiais multimedia formativos e divulgativos*
- *Simuladores sociais, industriais e de proceso on-line/off-line.*

*No últimos anos PEXEGO apostou polo sóftware libre como elemento clave no desenvolvemento dos seus produtos e participan así no desenvolvemento de código libre no marco da sociedade do coñecemento.*

**Certificacións, distribuidor, homologacións:** *Pexego posúe a clasificación V2c e V5a para a presentación a licitacións públicas.*

*Así mesmo, PEXEGO encóntrase nestes momentos en proceso de certificación da norma de calidade de sóftware modelo CMMI2 e en posesión do certificado da norma de seguridade da información ISO 27001.*

**Partners:** *Partner de OpenXpertya e en proceso de partenariado de OpenERP*



## PINTEGA ENXEÑARÍA

Rúa Vigo 2, Tecnópole. 32900 San Cibrao das Viñas. Ourense.  
 T 902 90 06 80. F 988 368 149. info@pintega.com. [www.pintega.com](http://www.pintega.com)

*Pintega Enxeñaría é unha compañía formada por especialistas de distintas áreas comprometidos apaixonadamente co que fan. Achegan produtos e servizos de alta calidade que impactan e redefinen o uso da tecnoloxía, desenvolvendo ideas e transformándoas en tecnoloxía de vangarda. Afástanse de ideas preconcebidas e cuestionan todo o establecido. Ofrecen solucións que "liberan" aos seus clientes de cargas de traballo innecesarias e que lles permitan desenvolver as súas capacidades para lles permitir concentrarse no que mellor saben facer.*



## QUERES TECNOLOXÍAS

Rúa Vulcano, 1. 15172 A Coruña. T 981 909 010. F 881 967 241  
 info@queres.es. [www.queres.es](http://www.queres.es). **Contacto:** Victor Fariña, Julian Cerviño

*Queres é unha consultora en tecnoloxías da información especializada no desenvolvemento de software. O seu enfoque, pragmático e innovador, en todas e cada unha das fases do desenvolvemento maximiza a inversión e garante a calidade dos produtos obtidos.*

*Queres especializouse na implantación, desenvolvemento de solucións e servizos vinculados á xestión documental, especialmente con Alfresco pero tamén con outros produtos Open Source e a Dirección de proxectos de TI.*

**Certificacións, distribuidor, homologacións:** *Queres conta coa certificación de calidade ISO9001 para a “Consultoría, desenvolvemento e soporte de software e/ou servizos vinculados á xestión documental e xestión de contidos, sitios e portais web. Así como para a dirección de proxectos de TI (Tecnoloxía da Información)”*

**Partners:** *Queres é partner oficial de Alfresco desde o 2006, Queres é partner tecnolóxico de Atlassian Pty Ltd. software desde o 2008.*



## QUOBIS

Pol. Ind. A Granxa, parcela 260. 36400 O Porriño. Pontevedra. T 902 999 465  
 F 902 510 740. [info@quobis.com](mailto:info@quobis.com). [www.quobis.com](http://www.quobis.com)  
**Contacto:** Iago Soto, Elías Pérez

*Quobis ofrece consultoría experta en tecnoloxías emerxentes de comunicacións unificadas baseadas en estándares abertos.*

*O foco céntrase na prestación de servizos a operadores de telecomunicacións e xestores de grandes redes, que buscan novas oportunidades de crecemento, o que lles permite ocupar un posto de liderado nese ámbito.*

*A meirande parte da persoal está formada por enxeñeiros de telecomunicacións, con varios anos de experiencia profesional, que traballan coma consultores enfocados no deseño, planificación e xestión de proxectos destas solucións.*

*A empresa inviste recursos en I+D+i, favorecendo así a adopción de tecnoloxías innovadoras e a transferencia de novas metodoloxías e solucións aos seus clientes.*

**Certificacións, distribuidor, homologacións:** *Normas ISO 9001 y ISO 20000*

**Partners:** *IBM, Acme Packet, Asipto, Digium*



## REDEGAL

Rúa Telleira, 11 entresollado. 32004 Ourense.  
 Parque tecnolóxico de Galicia. 32901 San Cibrao das Viñas. Ourense  
 T 988 549 858 - 988 619 138. F 988 549 857  
 gerencia@redegal.com. [www.redegal.com](http://www.redegal.com).  
**Contacto:** Jorge Vázquez González: [jorge@redegal.com](mailto:jorge@redegal.com)

*Redegal é unha empresa constituída por profesionais do sector TIC especializados no desenvolvemento de solucións tecnolóxicas para empresa, e cuxa tecnoloxía núcleo é o software libre. Os servizos que ofrece Redegal son: consultoría tecnolóxica para aquelas empresas que queiran incrementar a súa capacidade produtiva coa incorporación de novas tecnoloxías; aplicacións móbiles en diferentes plataformas (RIM, IOS, Android); todo tipo de solucións sobre plataformas webs para empresas e entidades públicas; comercio electrónico usando xestores de contidos (CMS); solucións de servidor baseados en GNU/Linux e solucións Appliance de xestión.*

**Certificacións, distribuidor, homologacións:** Redegal é membro fundador de Agasol, está integrado no Clúster TIC Galicia e ten un convenio de colaboración coa CEO (Confederación Empresarial de Ourense). Recentemente foilles concedida a ISO 27001, estándar para a seguridade da información.

### Servizos

**Consultoría tecnolóxica:** O equipo de consultoría reúne competencias en torno a tres campos de coñecemento: sectorial, para coñecer o marco económico e competitivo dos clientes; de negocio, para definir a traxectoria dos proxectos; de mercado, para poder avaliar o seu impacto.

**Aplicacións móbiles:** Desenvolvemento de diferentes solucións en distintas plataformas móbiles (RIM, IOS, Android), dependendo das necesidades do cliente

**Aplicacións web:** Desenvolvemento de todo tipo de solucións sobre plataformas web para empresas e entidades públicas.

**Comercio electrónico:** Desenvolvemento de portais de compravenda de produtos que ofrecen o pagamento on-line, seguimento do pedido en tempo real, catálogo, etc.

**Solucións de servidor:** Instalación e parametrización de servidores baseados en GNU/Linux, e solucións Appliance de xestión.



## SCA INFORMÁTICA

Praza Santo Domingo 24 1º B. 27001 Lugo. T 982 250 792 - 982 250 792.  
[info@sca-informatica.com](mailto:info@sca-informatica.com). [www.sca-informatica.com](http://www.sca-informatica.com)

*SCA Informática, SL é unha empresa galega independente especializada en ofrecer solucións tecnolóxicas utilizando Linux e software libre.*

*Para todo o equipo humano de SCA Informática, SL existe unha clara filosofía: o cliente é o seu único xefe, para todos e cada un de eles, a el se deben para satisfacer as súas necesidades tecnolóxicas coa máxima profesionalidade e seriedade.*

*Grazas a un continuo esforzo, dispoñen dun servizo integral de xestión tecnolóxica que abrangue desde consultoría e deseño ata integración de solucións tecnolóxicas e soporte de infraestruturas informáticas. Todo este proceso apóiase nos valores que mellor definen esta compañía:*

- *Calidade técnica*
- *Innovación permanente*
- *Experiencia profesional*
- *Vantaxes de Linux*

*As características da empresa son as seguintes:*

- *Empresa de base tecnolóxica (EBT), ao basearnos no desenvolvemento e aplicación de software*
- *Tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC), ao ser software libre.*
- *Innovación tecnolóxica, ao ser este software a maior innovación actual dentro do campo da informática.*

### **Certificacións, distribuidor, homologacións:**

*Hoxe en día encóntranse en proceso de implantación das normas de calidade de software modelo CMMI2, a certificación acabará implantándose neste ano de 2010 co seguinte número de referencia do proxecto: TSI-020514-2009-74.*

*O proxecto foi cofinanciado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, dentro do Proxecto Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica 2008-2011 e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).*



## SIGNO

Rúa Hórreo, 22 – 3º. 15701 Santiago de Compostela. A Coruña  
 T 981 531 994. F 881 975 030. [jaime.garaboa@sustinere.es](mailto:jaime.garaboa@sustinere.es)  
[www.signo-geo.com](http://www.signo-geo.com)

**Contacto:** Xaime Garaboa Fernández / Antonio Fraga Fernández

*SIGNO Ingeniería del Territorio é unha empresa galega, cunha traxectoria de oito anos na realización de proxectos territoriais, medioambientais, cartografía e de tecnoloxías da información xeográfica. SIGNO Ingeniería del Territorio organízase actualmente en tres departamentos:*

- *Tecnoloxías da Información Xeográfica e Cartografía*
- *Territorio e Sostibilidade.*
- *I+D+i*

*Os Sistemas de Información Xeográfica e a Información Cartográfica constitúen o núcleo fundamental do seu traballo, xa que son a ferramenta sobre a que se articulan os seus proxectos e unha das nosas maiores vantaxes competitivas.*

*En SIGNO Ingeniería del Territorio utilizan toda a potencia dos sistemas de información xeográfica para ofrecer aos seus clientes un servizo eficaz, riguroso e de calidade. Neste departamento cobren un alto rango de actividades, que se plasman en forma de novas ferramentas e servizos especializados.*

*Podemos destacar, entre outros:*

- *Desenvolvemento de aplicacións para clientes web e desktop con software libre.*
- *Desenvolvemento de aplicacións personalizadas para clientes móbiles.*
- *Consultoría, asesoría e implantación de sistemas de información xeográfica.*
- *Captura de datos, xeoposicionamento e elaboración de cartografía.*

**Certificacións, distribuidor, homologacións:** ISO 9001 – ISO 14001

### Servizos

**Consultoría:** *Servizo de consultoría para a implantación de sistemas de información xeográfica corporativos ou migración a SwL.*

**Desenvolvemento:** *Desenvolvemento de aplicacións SIG a medida para escritorio e web.*

**IDEs:** *Consultoría e desenvolvemento de compoñentes e aplicacións para a posta en marcha de Infraestruturas de datos espaciais (IDEs)*

**Móbiles:** *Desenvolvemento de aplicacións de realidade aumentada para móbiles con SO Android.*



## SIXTEMA

Edif. Área Central, 1º andar, L 25-J (Fontiñas).  
Santiago de Compostela. A Coruña. T 981 574 724. [www.sixtema.es](http://www.sixtema.es)

*Sixtema é unha empresa nova, orientada ao mundo das novas tecnoloxías e cualificada como I.E.B.T. pola Xunta de Galicia no ano 2005.*

*O obxectivo principal é o asesoramento e desenvolvemento de novas ferramentas no campo da informática e os sistemas de información xeográfica, con especial interese na súa aplicación ao medio ambiente.*

*O seu equipo posúe unha ampla experiencia de traballo tanto coa administración pública como coa empresa privada, coñecendo de primeira man as necesidades reais, o que permite aforrar tempo e custos, e obter un alto grao de satisfacción.*

*Dado o perfil tecnolóxico da empresa, os seus técnicos contan cunha formación continua que posibilita situalos á vangarda dos servizos que ofrecen. Por iso desde o seu inicio están a dedicar parte dos seus recursos a proxectos de I+D+i, en colaboración directa con outras empresas e centros.*



## SOCIAL WIRELABS

Rúa Rosalía de Castro, 30, 8º B. 36201 Vigo. Pontevedra. T 986 812 176  
[info@socialwirelabs.com](mailto:info@socialwirelabs.com). [www.socialwirelabs.com](http://www.socialwirelabs.com). **Contacto:** Carlos López  
Ardao: [jardao@det.uvigo.es](mailto:jardao@det.uvigo.es); Antonio Ayuso: [aayuso@socialwirelabs.com](mailto:aayuso@socialwirelabs.com)

*SocialWire Labs é unha spin-off ou EBT da Universidade de Vigo, nacida no seo do Laboratorio de Redes do Dpto. de Enxeñería Telemática. SocialWire Labs comercializa plataformas educativas e contornos de aprendizaxe social, aplicadas en toda a súa extensión á educación e a formación en xeral en todas as súas modalidades (presencial, semipresencial ou non presencial), á aprendizaxe, tanto formal como informal, ao traballo e comunicación en grupos, e á xestión do coñecemento e o talento dentro dunha empresa ou organización. O seu produto de referencia é unha plataforma de e-learning con tecnoloxía de rede social, baseada no núcleo do proxecto de código aberto Elgg, pero que incorpora numerosas solucións desenvolvidas por eles especificamente para a formación, a aprendizaxe formal e informal e para servir de soporte á xestión do coñecemento. En particular, desenvolven a integración con Moodle, o que permite dotar a esta última da compoñente social e posibilidades da aprendizaxe informal das que carece. A súa plataforma é apta tamén para a comunicación interna (á empresa) e externa (relación con clientes e outras empresas e provedores) e para o traballo colaborativo dentro dunha empresa ou organización. Outra posibilidade da plataforma é a construción de tendas on-line especializadas nalgunha temática (libros, música, etc.) cunha importante compoñente de rede social ao seu arredor.*



## TAGENATA

Estrada da Gándara 33-35 , entreplanta. 15570 Narón. A Coruña  
 T 881 939 142. F 881 939 142. [cooperativa@tagenata.com](mailto:cooperativa@tagenata.com). [www.tagenata.com](http://www.tagenata.com)  
**Contacto:** Pedro Otero: [administracion@tagenata.com](mailto:administracion@tagenata.com)

*TAGENATA traballa no ámbito do coñecemento e da innovación, como empresa de servizos nestas grandes áreas:*

**Formación online:** *Desenvolven proxectos formativos a través de plataformas intuitivas e doadas de usar, con especial atención á imaxe e á pedagogía.*

**Contidos dixitais:** *Crean e difunden contidos para a web relacionados con diferentes áreas do coñecemento. Elaboran cursos en formatos estándar para a integración en plataformas de teleformación.*

**Consultoría e comunicación:** *Desenvolven campañas de sensibilización, avaliacións, estudos, diagnósticos etc.*

**Servizos lingüísticos:** *Ofrecen servizos de localización de software, enxeñería lingüística e desenvolvemento de produtos lingüísticos para un amplo número de linguas: castelán, inglés, francés, alemán, portugués, catalán, éuscaro, galego etc.*

### Servizos

**Contidos dixitais para a teleformación:** *Cursos adaptados a formato dixital estandarizado para plataformas de elearning.*

**Contidos dixitais para a web:** *Adaptación de guías, manuais e creación de materiais dixitais destinados para a web.*

**Localización:** *Localización e tradución de aplicacións de sóftware libre e de contornos de escritorio.*

**Enxeñería lingüística – EXERIA:** *Desenvolvemento dunha aplicación de corrección lingüística integrada en [Openoffice.org](http://Openoffice.org) que permite detectar e ofrecer solucións ante un uso sexista da linguaxe.*



## TEGNIX

Rúa Uruguai 8, 5º andar, Ofic. 8. 36201 Vigo. Pontevedra  
 T 886 122 307. [info@tegnix.com](mailto:info@tegnix.com). [www.tegnix.com](http://www.tegnix.com)  
**Contacto:** Carlos Rodríguez García

Empresa dedicada á formación e consultoría especializada en software libre (FLOSS) con participación en proxectos coma OpenOffice.org, LibreOffice e Debian.

Formación online e presencial en:

- Certificación LPI (Linux Professional Institute) Niveis 1, 2 e 3
- OpenOffice.org (entidade certificada por Sun – Oracle) e LibreOffice
- Uso de GNU/Linux e alfabetización tecnolóxica con software Libre

Consultoría tecnolóxica e administración de sistemas informáticos:

- Integración de sistemas heteroxéneos (Windows / Linux)
- Implantación de servizos informáticos en centros educativos e Pemes tanto a nivel servidor como ordenadores persoais.

**Certificacións, distribuidor, homologacións:** Certificación ISO27001 e ISO9001

**Partners:** Linux Professional Institute (Academic Training Partner)

### Servizos

**Certificación LPIC1:** Formación que capacita para a obtención do certificado LPI nivel 1.

**Certificación LPIC2:** Formación que capacita para a obtención do certificado LPI nivel 2.

**Certificación LPIC3:** Formación que capacita para a obtención do certificado LPI nivel 3.

**Curso avanzado de OpenOffice.org:** Formación que capacita para o emprego da ferramenta OpenOffice.org (Writer, Calc, Impress)

**Curso avanzado de Blender:** Formación que capacita para o emprego da ferramenta Blender 3D

**Implantación das TIC en centros educativos:** Servizos informáticos nos centros educativos en sistemas heteroxéneos (Windows/Linux)

**Implantación das TIC en Pemes:** Servizos informáticos nas Pemes en sistemas heteroxéneos (Windows/Linux)

**Plataforma online de formación A/V:** Implantación de plataforma de formación online con audio-vídeo conferencia para entidades



## ULTREIA

C. Cial. Cidade Universitaria, local A4. 36310 Vigo. Pontevedra.

T 986 243 324. F 986 123 899. [www.ultreia.es](http://www.ultreia.es)

**Contacto:** Eduardo Díaz Comellas: [ediaz@ultreia.es](mailto:ediaz@ultreia.es)

Ultreia Comunicaciones é unha empresa adicada ao deseño, implantación e xestión de infraestruturas TIC para empresas, usando principalmente software libre. Dende o 2002 Ulteira presta os seus servizos a empresas de todo o ámbito nacional, integrando solucións de software libre para obter sistemas TIC robustos, funcionais e flexibles.

**Certificacións, distribuidor, homologacións:** Ulteira está certificada ISO-20.000 e ISO-27.001. A maiores destas certificacións de calidade, o persoal de Ulteira está certificado LPIC1 e LPIC2, Novel Certified Engineer, MySQL administrator, Xenserver Certified Administrator, etc... Todas as tecnoloxías utilizadas por Ulteira están apoiadas por resultados no mercado e a experiencia do persoal de Ulteira.

**Partners:** IBM Business Partner, Axigen, Coraid Gold Partner, Arkeia Certified Partner, VMWare professional partner, Citrix Solution Advistor, Nexenta Certified Partner.

### Servizos

**Sistemas dedicados xestionados Cloud:** Sistemas dedicados Linux e Windows en plataforma de cloud computing de Ulteira.

**Virtualización de sistemas con Xen:** Instalación e posta en marcha de plataformas de virtualización con Xen.

**Subministro de almacenamento SAN Ethernet Coraid:** Subministro e instalación de SAN Ethernet Coraid.



## WIRELESS GALICIA

Colón 36, 4ª Planta. Of. 3. 36201 Vigo. Pontevedra. T 986 113 273. F 986 133 978  
Avda. Finisterre, 327, 2. 15008 A Coruña.  
[info@wirelessgalicia.com](mailto:info@wirelessgalicia.com). [www.wirelessgalicia.com](http://www.wirelessgalicia.com)

Wireless Galicia nace en xaneiro de 2004, como unha compañía especializada no desenvolvemento de solucións de comunicación sen fíos, complementando esta liña de actividade con produtos e servizos baseados en FLOSS e coa xestión da innovación de proxectos para clientes. Durante todos estes anos participaron nos principais foros e eventos a nivel nacional e europeo contribuíndo a posicionar os servizos e tecnoloxías sen fíos como elementos de alto valor engadido na nosa sociedade. Desde os inicios todos os seus esforzos foron dirixidos á xeración de proxectos de I+D+i, e participaron en programas e plataformas tecnolóxicas de ámbito rexional, nacional e europeo, sempre cunha política de innovación aberta e colaborativa.

**Certificacións, distribuidor, homologacións:** ISO9001, ISO14001, ISO27001, EMAS, ITIL, RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

# 4

## Produtos

Descrición  
funcional

### Abertool City

CMS modulable e personalizable orientado á presenza en Internet de Concellos.

### Aibox

Aibox é un conxunto de dispositivos hardware e software capaz de responder a todas as necesidades informáticas dunha PEME.

Con Aibox a súa rede e datos estarán a salvo, organizados e xestionados de forma centralizada. Poderá prover á súa organización de todas as vantaxes das novas tecnoloxías ás que tradicionalmente só as grandes empresas podían acceder.

Despreocúpese dos complexos e repetitivos problemas informáticos da súa organización para así concentrarse no que realmente importa. Coñeza a solución integral que Aitire pon á súa disposición para xestionar todos os servizos informáticos da súa organización dunha maneira doada e cómoda.

Sector ao que  
vai dirixido

Concellos

Pemes de ata 50 ordenadores

Categoría

Sistemas de administración de contidos on-line (CMS) e intranets

Servizos e ferramentas de infraestructura e seguridade

Licenza

GPL

Web da comunidade

Empresa

Abertal

Aitire

## Alfresco

### SISTEMA DE XESTIÓN DOCUMENTAL OPENSOURCE

Os traballadores da súa empresa poden pasar un 25% do seu tempo de traballo buscando información. Así mesmo, o 40% dos empregados queixáanse de que non poden encontrar a información que necesitan para realizar as súas tarefas cotiás. Para ser produtivos, os traballadores deben ter á súa disposición unha ferramenta que lles permita encontrar os datos clave da súa organización rapidamente. Esta ferramenta é Alfresco.

## cdCatálogo

### PEDIDOS ON e OFF LINE

Con esta ferramenta ambivalente (ON e OFF-line) búscase facilitar o labor profesional do comercial dunha empresa de tal forma que entregue nas súas visitas unha ferramenta (en formato CD-ROM, parte off-line) tanto de consulta de todos os produtos da empresa como de xestión de pedidos co fin de axilizar as peticións de ditos produtos conseguindo así ampliar as vendas. O cliente terá nas súas mans unha ferramenta interactiva e sen necesidade de coñecementos informáticos - máis alá dos básicos para os empregados de calquera empresa - con ela poderá consultar ou xerar pedidos cunha simple conexión a internet no ordenador do cliente ou ben imprimir o pedido, que sae en formato Fax e envíalo. Ao mesmo tempo esta ferramenta colocárase en Internet (on-line) "tal ca", sen modificacións no servidor web, co sitio web que xa teña por defecto ou ben sendo esta aplicación en si o seu sitio web.

## Cividas

Aplicación orientada á administración pública. Cividas permite integrar baixo unha mesma solución os procesos (BPM/workflow), aplicacións (formularios), documentos e a conectividade con outros sistemas (SOA, SARA). Ao estar baseada en Optimize, esta solución pode doadamente ser estendida ou adaptada ás necesidades dos clientes máis esixentes nun prazo e a un custo razoable. Cividas foi verticalizada para determinados tipos de administracións públicas: local, sancións, subvencións, benestar social, dependentes, axudas, obras, contratación, seguimento de obras públicas e portos.

Os factores diferenciais deste produto son os seguintes:

- Trata a funcionalidade como "contido" que se pode cambiar en tempo de execución e trasladar dun sistema a outro.
- Dispón de ferramentas de edición gráfica que facilitan a creación e modificación destes contidos.
- Inclúe un gran catálogo de procedementos e trámites.

Todos os sectores

Todos os sectores

Administración pública

Sistemas de xestión documental

Sistemas de negocios e comercio electrónico

APL 3

BSD

Cividas Basic  
Cividas Local  
Cividas Advanced  
Cividas Unlimited

[www.alfresco.com](http://www.alfresco.com)

[www.cividas.com](http://www.cividas.com)

Queres

Pexego

Imatia

**Click to Call****CMI Eclipse BIRT****Descrición funcional****APPLICATION SERVER**

Click to Call Application Server é un xestor de emisión de chamadas de voz, a través de sistemas VoIP, que permite conectar distintos aplicativos á rede de telefonía corporativa. Esta solución unifica o fluxo de comunicacións ao mesmo tempo que simplifica a súa accesibilidade aos seus usuarios.

Esta solución permite cursar chamadas a través do sistema de telefonía VoIP dende as distintas aplicacións corporativas da compañía e dende calquera terminal telefónico, tanto interno coma externo.

Ademais de simplificar as comunicacións saíntes unifica as chamadas realizadas por usuarios da corporación dende o exterior e facilita as comunicacións cos clientes. Isto tradúcese nun incremento da produtividade do usuario e un mellor proveito dos recursos telefónicos.

Informes avanzados de toma de decisións

**Sector ao que vai dirixido**

Operadores de telecomunicacións, xestores de grandes redes e grandes corporacións

Servizos empresariais

**Categoría**

Servizos de comunicacións e redes

Sistemas de intelixencia de negocio (BI)

**Licenza**

GPL

**Web da comunidade**

[www.eclipse.org](http://www.eclipse.org)

**Empresa**

Quobis

ITG

## Drupal

Drupal é un sistema de xestión de contido modular e moi configurable.

O deseño de Drupal é especialmente idóneo para construír e xestionar comunidades en Internet. Non obstante, a súa flexibilidade e adaptabilidade, así como a gran cantidade de módulos adicionais dispoñibles, fai que sexa adecuado para realizar moitos tipos diferentes de sitio web.

## DeporXest

A xestión de actividades e instalacións deportivas e culturais representa un claro exemplo onde a aplicación das TIC resultan case imprescindibles

Vantaxes:

- Mellora da calidade da xestión e do servizo ofertado mediante a obtención de informes, estudos e estatísticas.
- Xestión distribuída, dende múltiples postos e en calquera lugar.
- Acceso público á información a través de Internet.

## e-Commerce multimedia

Plataforma multimedia de comercio electrónico con pasarela multipago.

Todos os sectores

Todos os sectores

Todos os sectores

Sistemas de administración de contidos on-line (CMS) e intranets

Sistemas de xestión (facturación, relacións, forza de vendas, POS, RRHH, soldos)

Comercio electrónico

GPL

[www.drupal.org](http://www.drupal.org)

[www.deporxest.es](http://www.deporxest.es)

**Tegnix**

**Egalcom**

**Abertal**

## Elar

## Descrición funcional

Sistema domótico FLOSS de baixo custo. O sistema baséase na adquisición (sensores) de datos ambientais e a execución de ordes xeradas e enviadas polo dispositivo de control centralizado. Este dispositivo foi desenvolvido usando a linguaxe de programación Processing sobre Arduino. Ofrece:

- Monitorización continuada das variables ambientais en interiores: temperatura, etc.
- Almacenamento na BBDD dos valores recollidos para a confección de históricos. Posibilidade de consulta via teléfono móbil.
- Acceso mediante o teléfono móbil ao panel de control para a xestión e configuración remota.
- Actuación sobre as saídas do sistema manual e automaticamente: control da climatización, control dos niveles de alerta e control da luminosidade do fogar.
- Dende o panel de control, definición, configuración e xestión de eventos para o control automatizado do sistema domótico do fogar.
- Implementación de alarmas para emerxencias domésticas: incendios, etc.

## Elastic

Elastic Business é unha solución modular para a xestión integral de empresas. Trátase do que se adoita denominar unha solución ERP (Enterprise Resource Planning) e incorpora funcionalidades avanzadas no que se refire á xestión da produción, xestión de proxectos e xestión de almacéns automatizados. Ao estar baseada en Optimize, esta solución pode ser estendida ou adaptada ás necesidades dos clientes máis esixentes nun prazo e a un custo razoable.

Así mesmo, Imatia dispón de versións sectoriais (verticais) baseadas neste produto (para o sector téxtil, madeira, acuicultura, etc.)

Os factores diferenciais deste produto son os seguintes:

- Incorpora un concepto de listas de artigos parametrizables que facilita enormemente a implantación de técnicas de optimización da produción (MRP) baseadas no despezamento de artigos, xa que permite definir o despezamento por tipos de artigos (parametrizables) en vez de por cada artigo.
- No aspecto de loxística industrial, a utilización do BPM para a coordinación automatizada do traballo das persoas e das máquinas.

## Sector ao que vai dirixido

Construción

Todos os sectores

## Categoría

Servizos e ferramentas de infraestruturas e seguridade

Sistemas de xestión global empresarial. ERP, produción e cadea de subministro

## Licenza

Elastic Business  
Elastic Supply  
Elastic Projects  
Elastic Fashion  
Elastic Wood  
Elastic Aqua

## Web da comunidade

[www.wirelessgalicia.com](http://www.wirelessgalicia.com)

[www.elastic-business.com](http://www.elastic-business.com)

## Empresa

Wireless Galicia

Imatia

**Facturgal**

Almacén de facturas electrónicas.

Todos os sectores

Sistemas de administración electrónica

**Corunet**

**gvSIG**

gvSIG é un proxecto de desenvolvemento de sistemas de información xeográfica en software libre, que inclúe principalmente as aplicacións gvSIG Desktop e gvSIG Mobile. gvSIG Desktop foi a primeira aplicación que se desenvolveu dentro do proxecto gvSIG, polo que tamén se lle coñece como gvSIG.

Sistemas de información xeográfica

GPL v2

[www.gvsig.org](http://www.gvsig.org)

**Signo / Sixtema**

**Hginnova**

Sistema de xestión integral centros tecnolóxicos

Outros

Sistemas de xestión global empresarial. ERP, produción e cadea subministro

[www.hginnova.com](http://www.hginnova.com)

**ITG**

**Hgpyme****Intalio****Descrición funcional**

Sistema de xestión empresarial

**SOPORTE A PROCESOS DE NEGOCIO**

Ferramenta para dar soporte aos procesos de negocio de calquera compañía (BPM), sexa do tamaño que sexa. Soporte aos fluxos de traballo.

**Sector ao que vai dirixido**

Servizos empresariais

Todos os sectores

**Categoría**

Sistemas de xestión global empresarial. ERP, produción e cadea subministro

Sistemas de utilidades e outros

**Licenza**

Intalio/BPMS Community Edition

**Web da comunidade**[www.hgpme.com](http://www.hgpme.com)[www.intalio.com/bpms](http://www.intalio.com/bpms)**Empresa****ITG****Queres**

## Joomla

Sistema de administración de contidos especialmente deseñado para a xestión e mantemento de portais web. Ofrece un amplo abano de compoñentes como son axenda, foros, enquisas, buscador avanzado, sindicación de contidos, etc

Todos os sectores

Comercio electrónico

GPL

[www.joomla.org](http://www.joomla.org)

**Wireless Galicia**

## La Factoría de Webs

CMS modurable e personalizable orientado á presenza en Internet de todo tipo de empresas.

Todos os sectores

Sistemas de administración de contidos on-line (CMS) e intranets

**Abertal**

## Liferay

### DESENVOLVEMENTO DE PORTAIS CORPORATIVOS

A incorporación de novas tecnoloxías na empresa permite xerar información moi valiosa. Pero esta información só resulta de utilidade se se xestiona coas ferramentas axeitadas.

Todos os sectores

Sistemas de administración de contidos on-line (CMS) e intranets

LGPL

[www.liferay.com](http://www.liferay.com)

**Queres**

## Magento

## Moodle

### Descrición funcional

#### ECOMMERCE PARA AS MASAS

Aplicación Web Open Source de comercio electrónico. Posúe un panel de administración moi amigable e intuitivo que permite unha xestión integral da tenda online sen posuír maiores coñecementos técnicos. Características xerais: administración do sitio, promocións e ferramentas de márketing, soporte a internacionalización (multiidioma), pagos en liña, administración de catálogos, etc. Destaca por ter unha estrutura interna limpa que favorece o posicionamento en buscadores.

Plataforma formación on-line. Moodle ofrece unha ferramenta ós educadores para xestionar e fomentar a aprendizaxe. Tamén ofrece:

- Funcionalidades para permitir a implantación para varios centos de miles de estudantes.
- Posibilidade de ofrecer cursos completamente online.
- Xestión de comunidade de aprendizaxe a través dos foros, wikis e bases de datos.

### Sector ao que vai dirixido

Todos os sectores

### Categoría

Sistemas de negocios e comercio electrónico

Sistemas de educación on-line

### Licenza

OSL3.0

### Web da comunidade

[www.magentocommerce.com](http://www.magentocommerce.com)

[www.moodle.org](http://www.moodle.org)

### Empresa

Queres / Wireless Galicia

SocialWire Labs / Tegnix / Pexego

## Multi-Tenant

### RECORDING SYSTEM

Multi-Tenant Recording System é unha plataforma de gravación de chamadas de voz integrable en sistemas de telefonía VoIP.

Esta plataforma dota aos sistemas de telefonía VoIP da posibilidade de gravar chamadas. A súa xestión é moi sinxela a través dunha interface web, que é personalizable con base en modelos.

O sistema é escalable e integrable coas distintas centrais de redes VoIP, e pode ser explotado como unha aplicación multi-propietario dende o propio operador de telefonía.

A interface da plataforma permite ao administrador a consulta das gravacións almacenadas no sistema, con opcións de busca parametrizables.

Operadores de telecomunicacións, xestores de grandes redes e grandes corporacións

Servizos de comunicacións e redes

**Quobis**

## NavalPlan

NavalPlan é unha aplicación web de planificación de proxectos.

Ofrece:

- Xestión multiproxecto. Ofrece unha visión global da empresa xestionando varios proxectos que comparten recursos.
- Asignación de recursos por grupos baseados en criterios.
- Calendarios flexibles.
- Gráficos de Gantt configurables desde unha estrutura de descomposición de traballo (EdT).
- RBS: Gráfico de árbore de recursos.
- Control de sobreasignación de recursos.
- Técnica do valor ganador.
- Análise de custos baseados en partes de traballo Integración con outras instancias de NavalPlan e outras aplicacións.
- Outras funcionalidades: materiais, formularios de calidade, cadros, escenarios, múltiples modos de medir o progreso...

Todos os sectores

Sistemas de xestión global empresarial. ERP, produción y cadea subministro

AGPL

[www.navalplan.org](http://www.navalplan.org)

**Igalia**

## Ningún Hotel sin web

CMS modulable e personalizable orientado á presenza en Internet de empresas do sector turístico.

Turismo

Sistemas de administración de contidos on-line (CMS) e intranets

**Abertal**

## Optimize

### Descrición funcional

Esta liña de negocio está centrada na creación de tecnoloxías e metodoloxías que permiten aumentar a produtividade e fiabilidade do proceso de desenvolvemento de software.

Optimize é un marco de traballo de alto nivel baseado en compoñentes (high level component framework), desenvolvido e comercializado por Imatia. Optimize permite crear aplicacións de gran calidade e preparadas para Internet, sen grande esforzo e de xeito rápido, grazas á automatización da meirande parte do proceso de desenvolvemento. Ao mesmo tempo, trátase dun marco de traballo aberto que ofrece total liberdade aos programadores de linguaxes estándar como Java (J2SE/J2EE) e XML, facilitando a súa extensión, adaptación ou modificación.

## OpenERP

Open ERP é un sistema ERP e CRM. Ten compoñentes separados en esquema Cliente-servidor. Dispón de interfaces XML-RPC, e SOAP. Anteriormente coñeciase como TinyErp.

Entre as súas características están a contabilidade analítica, contabilidade financeira, xestión de almacéns/inventario, xestión de vendas e compras, automatización de tarefas, campañas de mercadotecnia, axuda técnica(Helpdesk), e punto de venda, dentro da construción mesma do software faise uso intensivo de fluxos de traballo que se poden integrar cos módulos facendo a modificación de aprobación e en xeral de calquera proceso adaptable. Emprega a Postgresql como Sistema manexador de bases de datos e foi programado con Python, o cal permite que a súa adecuación e implantación sexa limpa e poida ter unha curva bastante menor que outras solucións.

### Sector ao que vai dirixido

Todos os sectores

Todos os sectores

### Categoría

Application, Corporate, OEM, Open Source (prevista 2010/2011)

Sistemas de xestión global empresarial. ERP, produción e cadea subministro

### Licenza

GPL

### Web da comunidade

[optimize.sourceforge.net](http://optimize.sourceforge.net)

[www.openerp.com](http://www.openerp.com)

### Empresa

Imatia

Pexego

## OpenXesta

Wireless Galicia ten desenvolvido nos últimos anos un software de xestión empresarial FLOSS levando a cabo numerosas implantacións para clientes de diversos sectores económicos. A funcionalidade de Open Xesta comprende a maior parte das necesidades básicas de xestión dunha organización, a través dos seus módulos comercial, compras, facturación, almacén, persoal, proxectos, etc. O produto ofrece diversas modalidades de comercialización, entre elas a de SaaS, Software as a Service, modelo no que a aplicación reside nun servidor seguro aloxado na nube (cloud computing) e o cliente realiza un pago periódico polo seu uso.

Todos os sectores

Sistemas de xestión global empresarial. ERP, produción e cadea subministro

MOZILLA PUBLIC LICENSE

[www.openxesta.com](http://www.openxesta.com)

**Wireless Galicia**

## Pandora FMS

Pandora FMS é un software de código aberto que serve para monitorizar e medir todo tipo de elementos. Monitoriza sistemas, aplicacións ou dispositivos. Permite saber o estado de cada elemento dun sistemas ao longo do tempo. Pode enviar SMS se un sistema falla ou cando as accións de Google baixan 500 dólares. Pandora FMS tamén pode monitorizar calquera tipo de servizo TCP/IP, sen necesidade de instalar axentes, e monitorizar sistemas de rede como balanceadores de carga, routers, switches, sistemas operativos, aplicacións ou impresoras se se necesita facelo de forma remota.

Todos os sectores

Sistemas de xestión de rede e infraestruturas

GPL2, Licenza Artica ST Enterprise, con acceso completo ao código fonte, distribución e utilización restrinxidos.

[www.pandorafms.org](http://www.pandorafms.org)

**Wireless Galicia**

## Paneis

Paneis informativos de exterior baseados en sistemas libres, que a través de sistemas 3G permiten ao cliente mostrar información en tempo real en todas as súas situacións.

Todos os sectores

Servizos e Publicidade

GPL

[www.imagos.es](http://www.imagos.es)

**Imagos**

**Socialize****SocialWire****Descrición funcional**

É un produto de rede social para facilitar o networking e o intercambio de información

**PLATAFORMA FORMACIÓN E E-LEARNING SOCIAL****Sector ao que vai dirixido**

Todos os sectores

Todos os sectores

**Categoría**

Sistemas de networking on-line ou redes sociais

Sistemas de educación on-line

**Licenza**

BSD

GNU GPLv2

**Web da comunidade**

[www.socialize.es](http://www.socialize.es)

[www.elgg.org](http://www.elgg.org)

**Empresa**

**Pexego**

**SocialWire Labs**

## TimeCTL

Programa de xestión de tempos de proxectos con imputación de gastos directos, xeración de informes e estatísticas

## Typo3

TYPO3 é un xestor de contidos completamente libre e publicado baixo a licenza GPL cunha comunidade aberta a todo o mundo, xestionado por unha fundación. TYPO3 naceu no ano 2000 como froito principal dun desenvolvedor dinamarqués, Kasper Skarhøj. Porén, o seu crecemento lévase a cabo grazas á participación dunha gran comunidade de desenvolvedores de varios puntos do mundo (países nórdicos, xermanos ou americanos). TYPO3 é hoxe un xestor de contidos con gran madurez (utilizado por máis de 122 000 servidores por todo o mundo) cunha gran comunidade de usuarios de aproximadamente 27 000 usuarios en 60 países. Ademais é á vez unha ferramenta de xestión de contidos completa que permite a implantación de portais de ampla envergadura, como un portal en se mesmo coa súa interface de administración na que se pode xestionar todas as entidades que entran en xogo no sistema. A súa difusión pódese comprobar na cantidade de casos de éxito coñecidos (tanto de nivel internacional como español). Para unha consulta máis extensa doutros casos de éxito pódese acceder á seguinte URL: <http://www.t3blog.com/>.

## Ulteo

Escritorio Virtual, executado a través dun navegador Web que permite dispor nun contorno WEB dun escritorio onde executar tanto aplicacións GNU/Linux como Windows de forma unificada e estruturada.

Todos os sectores

Todos os sectores

Todos os Sectores

Sistemas de xestión de proxectos

Sistemas de administración de contidos on-line (CMS) e intranets

Externalización/Virtualización

BSD

GPL

GPL

[www.typo3.org](http://www.typo3.org)

[www.upsources.com](http://www.upsources.com)

**Pexego**

**Igalia, Redegal, Corunet, Dimensiona**

**Imagos**

## Wordpress

## Xerpa

### Descrición funcional

Wordpress é un sistema de xestión de contido enfocado á creación de blogs. As causas do seu enorme crecemento son, entre outras, a súa licenza, a súa facilidade de uso e as súas características como xestor de contidos. Tamén unha das causas, é a súa enorme comunidade de desenvolvedores e deseñadores, que se encargan de crear plugins e themes para a comunidade.

Xerpa é un ERP para empresas de ata 250 empregados. A característica máis destacada é a estrutura modular que permite a selección dos módulos que cada pyme require.

### Sector ao que vai dirixido

Todos os sectores

### Categoría

Sistemas de administración de contidos on-line (CMS) e intranets

### Licenza

GPL

### Web da comunidade

[wordpress.org](http://wordpress.org)

[forxa.mancomun.org/projects/xerpa](http://forxa.mancomun.org/projects/xerpa)

### Empresa

**Dimensiona**

**Egalcom**

## Xestro interno

### E WEB DE VENDA DE INMOBLES OU VEHÍCULOS

Con esta ferramenta un negocio pode rexistrar os seus inmobles ou vehículos nun xestor online interno e publicalos directamente ou non nun portal web. Ten mesmo un xestor para que particulares tamén publiquen no dito portal web externo co fin de facer máis popular a ferramenta.

Servizos empresariais

Sistemas de negocios e comercio electrónico

BSD

**Pexego**

## Zentyal

Zentyal é unha solución integral para a xestión de sistemas da información altamente adaptable ás necesidades de organizacións e administradores. A solución OpenSource de Zentyal sitúase en competencia directa de Microsoft Small Business Server ofrecendo a robustez e seguridade dun sistema GNU/Linux baseado en Ubuntu Server LTS.

Pemes e grandes empresas

Sistemas de xestión de rede e infraestruturas

GPL

[www.zentyal.com](http://www.zentyal.com)

**Aitire / Wireless Galicia**

## Zigbee

Sistema de monitorización sensorial a través de redes intercomunicadas

Agroalimentario

GPL

[www.itg.es](http://www.itg.es)

**ITG**

## Outros produtos

### Descrición funcional

#### ADempiere

ADempiere ofrece a funcionalidade de planificación de recursos empresariais, administración da relación cos clientes e administración da cadea de provisión (derivada das súas siglas en inglés: ERP, CRM, SCM respectivamente). Este proxecto procede do software Compiere.

#### Asterisk

Asterisk é unha aplicación para converter un ordenador normal en un servidor de comunicacións. Asterisk permite crear centrais secundarias IP, pasarela VoIP, servidores de conferencia, etc.

**Categoría**

CRM

Infraestruturas

**Licenza**

GPL

GPL

**Web da comunidade**

[www.adempiere.com](http://www.adempiere.com)

[www.asterisk.org](http://www.asterisk.org)

## AWStats

AWStats abreviatura de Advanced Web Statistics, é unha poderosa e completa ferramenta que xera estadísticas gráficas avanzadas para sitios web. Este analizador de logs traballa como un CGI ou desde liña de comandos, e móstrache, en poucas páxinas, toda a información que os teus logs conteñen.

Infraestruturas

GPL

[awstats.sourceforge.net](http://awstats.sourceforge.net)

## Bulmages

Bulmages é unha aplicación modular que pretende cubrir as necesidades de xestión empresarial de calquera pequena e mediana empresa dentro do contorno do software libre. Identifícanse claramente catro áreas nas que o software debe actuar: Contabilidade (BulmaCont), Facturación (BulmaFact), Terminal Punto de Venda (BTPV) e Xestión de Nóminas.

Xestión

GPL

[bulmages.berlios.de](http://bulmages.berlios.de)

## Django CMS

Trac cobre as necesidades técnicas para o desenvolvemento de proxectos de software. Integra un Wiki, que permite manter activa e vixente a documentación, unha vista dos cambios recentes (Timeline), un control de fitos (Roadmap) para coñecer o estado do desenvolvemento, unha interface para a revisión do código fonte (Browse Source), unha xestión de bugs (Tickets) con posibilidade de abrir, asignar e pechar incidencias e un potente buscador (Search).

Xestión proxectos

BSD

[trac.edgewall.org](http://trac.edgewall.org)

## Dokeos

### Descrición funcional

Dokeos é unha aplicación para a xestión da aprendizaxe en liña baseada en software libre. Ofrece todas as características que unha aplicación de aprendizaxe en liña necesita dende a xestión de cursos ata informes.

## dotProject

dotProject é unha ferramenta orientada á xestión de proxectos. Este software orientase á administración de recursos para desenvolver un produto, na que a produción requira dun conxunto de actividades ou tarefas que se desenvolvan entre elas en forma paralela ou independente.

### Categoría

Colaborativo

Xestión proxectos

### Licenza

GPL

GPL

### Web da comunidade

[www.dokeos.com](http://www.dokeos.com)

[www.dotproject.net](http://www.dotproject.net)

## Egroupware

Egroupware é unha suite de aplicacións para a empresa que están listas para o traballo en grupo nunha rede corporativa. Permite a xestión de contactos, citas, tarefas e moitas máis cousas para todo tipo de negocio.

## Ekiga

Ekiga anteriormente coñecido como GnomeMeeting, é unha aplicación para realizar videoconferencias e telefonía IP. Usa hardware ou software compatible con H.323 e libérase baixo licenza GPL. Ademais está dispoñible para sistemas Unix e Windows.

## eZ Publish

eZ Publish é un xestor de contidos e un framework de desenvolvemento de aplicacións Web moi potente. Grazas ao seu potente sistema de personalización e creación de contidos permítenos crear dunha maneira sinxela calquera tipo de solución web, como por exemplo, weblogs, publicación de contidos ou e-commerce (B2B, B2C). EzPublish permítenos manexar calquera tipo de información en distintos formatos, tales como imaxes, PDF, documentos de texto, etc.

Colaborativo

Internet

CMS

GPL

GPL

GPL

[www.egroupware.org](http://www.egroupware.org)

[ekiga.org](http://ekiga.org)

[ez.no](http://ez.no)

## GanttProject

### Descrición funcional

GanttProject é unha ferramenta de xestión de proxectos libre, permite realizar diagramas de GANTT co fin de planificar un proxecto e xestionar os recursos. GanttProject é unha ferramenta completa con funcionalidades para importar e exportar para Microsoft Project, ademais permite exportar ao formato PDF ou HTML.

## GNUCash

GNUCash é unha aplicación desenvolvida para facilitar o seguimento das contas bancarias, accións, ingresos e gastos das nosas finanzas persoais ou dunha pequena empresa. Permítenos administrar contas de bancos, stocks, almacén, entre outros.

### Categoría

Xestión proxectos

Xestión

### Licenza

GPL v2

GPL

### Web da comunidade

[ganttproject.biz](http://ganttproject.biz)

[www.gnucash.org](http://www.gnucash.org)

## Gnumeric

Gnumeric é unha folla de cálculo libre que forma parte do contorno de escritorio GNOME. A súa intención é converterse nunha alternativa a outras follas de cálculo como Microsoft Excel. Gnumeric é capaz de importar e exportar datos en distintos formatos, o que o fai compatible con outros programas como Excel, Applix, Quattro Pro, PlanPerfect, Sylk, DIF, Oleo, SC, StarOffice, OpenOffice.org, e Lotus 1-2-3. O seu formato nativo é XML, comprimido con gzip. Tamén importa e exporta varios formatos de texto, como táboas HTML ou texto separado por comas.

Ofimática

GPL

[projects.gnome.org/gnumeric](http://projects.gnome.org/gnumeric)

## GP easy

gpEasy é un xestor de contidos deseñado para ser fácil de usar, sendo moi pouco pesado pero completamente funcional.

CMS

GPL

[www.gpeasy.com](http://www.gpeasy.com)

## Knowledgetree

Knowledgetree é un Sistema de Xestión Documental (DMS) baseado en contorno Web. Proporciona un contorno estruturado e seguro, óptimo para a xestión de información e procesos de misión crítica.

Documental

GPL

[www.knowledgetree.org](http://www.knowledgetree.org)

## Jasper Reports

### Descrición funcional

Jasper Reports componse dun conxunto de librerías java para facilitar a xeración de informes nas nosas aplicacións tanto web como de escritorio. Os informes defínense nun ficheiro XML o cal será compilado polas librerías Jasper Report para xerar un ficheiro .jasper que utilizaremos para cubrir e mostrar o informe final. A saída dos informes poden ser PDF, CVS, XML, TXT, HTML, XLS, RTF, Jasper Viewer, e moitos outros.

## LimeSurvey

LimeSurvey é unha aplicación de enquisas en liña, escrita en PHP. Esta utilidade brinda a posibilidade a usuarios sen coñecementos de programación o desenvolvemento, publicación e recolección de respostas das súas enquisas.

### Categoría

BI

CMS

### Licenza

LGPL

GPL

### Web da comunidade

[jasperforge.org/projects/jaspereports](http://jasperforge.org/projects/jaspereports)

[www.limesurvey.org](http://www.limesurvey.org)

## MapServer

MapServer é unha plataforma para publicar datos espaciais e aplicacións de mapeado interactivo para na web. Foi orixinalmente desenvolvido nos anos 90 pola Universidade de Minnesota.

## MediaWiki

MediaWiki é un dos sistemas xestores de contidos máis populares que se especializan en wikis. Foi desenvolvido inicialmente para Wikipedia, pero entón foi feito público baixo a licenza GNU GPL. O sistema Mediawiki conta coas ferramentas básicas para a creación de contidos en forma colaborativa. Soporta múltiples usuarios e diferentes niveis de acceso, capacidade para manexar varios formatos de imaxe, etc.

## Mozilla Firefox

Mozilla Firefox é un navegador web rápido, seguro e doado de usar. Ofrece multitude de vantaxes, destacando a capacidade de instalar extensións para personalizar o seu uso.

SIX

Colaborativo

Internet

Estilo MIT

GPL

GPL

[mapserver.org](http://mapserver.org)

[www.mediawiki.org/wiki/MediaWiki/es](http://www.mediawiki.org/wiki/MediaWiki/es)

[www.mozilla-europe.org/es/firefox](http://www.mozilla-europe.org/es/firefox)

## Mozilla Thunderbird

### Descrición funcional

Mozilla Thunderbird é un cliente de correo e grupos de noticias independente con avanzadas características de detección de SPAM e mensaxes fraudulentas. Como Mozilla Firefox, Mozilla Thunderbird é personalizable mediante extensións e temas dispoñibles en Mozilla Add-Ons. Soporta correo IMAP, POP, HTML, noticias RSS, corrector ortográfico, soporte de extensións e cifrado PGP.

## Nagios Core

Nagios Core é unha aplicación para monitoreo de sistemas e redes. Revisa equipos e servizos que un mesmo lle especifica, alertándonos cando algo está mal e cando está ben. Algunhas das características coas que conta son: Monitorear servizos de rede (SMTP, POP3, HTTP, PING, etc.) Monitorear recursos dos hosts (carga de procesador, uso de disco, etc.) Deseño simple de plugins para que poidamos crear os nosos ás nosas necesidades específicas. Habilidade de definir unha xerarquía de hosts usando a opción parent. Notificacións a contactos cando un servizo ou host teña problemas e poidan resolvelo (email, pager ou definido polo usuario). Rotación de log automática, etc.

### Categoría

Infraestruturas

Infraestruturas

### Licenza

Mozilla Public License

GPL

### Web da comunidade

[www.mozilla-europe.org/es/products/thunderbird/](http://www.mozilla-europe.org/es/products/thunderbird/)

[www.nagios.org](http://www.nagios.org)

## OpenBravo ERP

OpenBravo ERP é unha aplicación de código aberto de xestión empresarial do tipo ERP destinada a empresas de pequeno e mediano tamaño. A estrutura de datos da aplicación está baseada orixinalmente nunha versión antiga de Compiere. A cobertura funcional do produto inclúe todas as áreas típicas dun sistema de xestión integrado.

## OpenCart

Apache OfBiz trátase dun proxecto de automatización de software empresarial. Ofrece unha cantidade de funcionalidades como son: comercio electrónico avanzado, administración de catálogo, xestión de promocións e prezos, administración de ordes de pedido, xestión de clientes, xestión de almacéns, movemento automático de stock, xestión contable, administración de procesos, xestión de contidos, punto de venda, etc.

## OpenCMS

OpenCms é un sistema de xestión de contido de software libre baseado en Java e en tecnoloxía XML. Por la empresa Alkacon Software bajo licencia LGPL .

ERP

comercio electrónico

CMS

OpenBravo Public License v 1.1

Apache License Version 2.0

LGPL

[wiki.openbravo.com/wiki](http://wiki.openbravo.com/wiki)

[ofbiz.apache.org](http://ofbiz.apache.org)

[www.opencms.org/en](http://www.opencms.org/en)

## OpenCRX

### Descrición funcional

OpenCRX cobre as necesidades de organización de calquera tipo de empresa, chámese coordinación na xeración de vendas, mercadotecnia e servizo ao cliente, afiliados, provedores ou intermediarios. Con esta ferramenta pódese ter unha completa visualización de todos os aspectos relacionados cos clientes: contratos, actividades, produtos e estado. Axuda a construír unha relación máis proveitosa cos clientes, a través da comprensión do estado de cada conta. Ademais de poder manexar produtos, prezos e listas de prezos en múltiples moedas, pódense construír produtos complexos baseados en produtos simples. Soporta un completo rango de estruturas de produtos avanzados. Permite un fluxo de traballo coordinado en proxectos longos, control e monitoreo de todos os proxectos relacionados con incidentes e actividades, reportes en tempo real.

## OpenLayers

OpenLayers facilita incluír un mapa dinámico nunha páxina web. Permite amosar marcadores cargados dende calquera orixe de datos. OpenLayers foi desenvolvido para utilización no uso de información xeográfica de calquera tipo.

### Categoría

CRM

SIX

### Licenza

BSD

BSD

### Web da comunidade

[www.opencrx.org](http://www.opencrx.org)
[openlayers.org](http://openlayers.org)

## OpenOffice

OpenOffice é unha suite ofimática integrada por ferramentas como procesador de textos, folia de cálculo, editor de presentacións, ferramentas para o debuxo vectorial e base de datos. Está pensado para ser compatible con Microsoft Office.

Ofimática

LGPL v3

[es.openoffice.org](http://es.openoffice.org)

## OpenPos

OpenBravo POS é un software para terminais punto de venda, denominado antes como Libre-POS and TinaPOS, que inclúe: xestión de datos mestres produtos, categorías e subcategorías, imaxes, impostos, almacéns, áreas de restaurante e disposición das mesas, usuarios e roles, etc. Xestión de vendas, reembolsos e efectivo, edición de recibos, busca de produtos, xestión de impostos, códigos de barras, descontos, promocións, pagamentos, etc.

Xestión

GPL

[www.openbravo.com/es/product/pos](http://www.openbravo.com/es/product/pos)

## Openproj

Software libre de xestión de proxectos que permite crear, entre outros, diagramas de Gantt, PERT, WBS, RBS, custos, etc.

Xestión proxectos

CPAL

[openproj.org](http://openproj.org)

## OpenXpertya

### Descrición funcional

OpenXpertya é unha solución integral para a empresa que engloba ERP e CRM, con integración de servizos en liña de B2B ou B2C (en función do tipo de cliente final) e mesmo B2E (servizos internos) e con soporte de exportación e datos (enlaces) ao estándar EDI (intercambio electrónico de información entre empresa: facturas, albarás, pedidos: EDIFACT, estándar mundial da ONU) e con posibilidade de traballar con cubos multidimensionais OLAP (análise exhaustivo de resultados). Todo iso adaptado moi de cerca á lexislación española, tanto fiscal, como mercantil, civil, contable, etc.

## OScommerce

OScommerce é unha aplicación de comercio electrónico. Permite crear unha tenda administrable para vender online. OScommerce consta de dúas partes: O Catálogo de Produtos é a parte que ven os clientes, a tenda virtual e o Módulo de Administración onde se pode actualizar a tenda virtual, editando produtos, ofertas, categorías, idiomas, moedas, consultar os pedidos, os clientes, etc.

### Categoría

CRM

comercio electrónico

### Licenza

Licenza Pública openXpertya (LPO) versión 1.1

GPL

### Web da comunidade

[www.openxpertya.org](http://www.openxpertya.org)[www.oscommerce.com](http://www.oscommerce.com)

## Pentaho Community

Pentaho Community é unha plataforma de BI “orientada á solución” e “centrada en procesos”. Pentaho consiste nunha Suite Completa de Intelixencia de negocio que inclúe todos os principais compoñentes requiridos para implementar solucións de BI, tales como: Reporting, Análise, Dashboard, Data Mining e Integración de datos.

BI

LGPL

[community.pentaho.com](http://community.pentaho.com)

## Plone

Plone é un sistema de xestión de contidos (CMS), baseado en Zope e programado en Python. Plone provee, entre outras cousas, distintos tipos de contido, ferramentas para administración de usuarios, workflows, layouts e templates con “look and feel” predefinidos e personalizables, interface de administración, style sheets, buscador en tempo real, soporte multilinguaxe, políticas de seguridade, etc.

CMS

GPL

[plone.org](http://plone.org)

## Redmine

Redmine é unha plataforma web de traballo colaborativo orientada á coordinación de proxectos, principalmente de desenvolvemento software, servindo como ferramenta principal de comunicación entre os distintos compoñentes do proxecto.

Xestión proxectos

GPL

[www.redmine.org](http://www.redmine.org)

## Roundcube

### Descrición funcional

Roundcube é un cliente de correo IMAP para navegadores cunha potente interface gráfica. Proveen todas as funcionalidades que poderías esperar dun cliente de correos, soporte MIME, caderno de enderezos, manipulación de carpetas, buscador de mensaxes e corrector de ortografía, entre outros.

## Satchmo

Satchmo ten como misión utilizar Django para crear unha plataforma de creación de comercios electrónicos online.

### Categoría

Infraestruturas

comercio electrónico

### Licenza

GPL

BSD

### Web da comunidade

[www.roundcube.net](http://www.roundcube.net)

[www.satchmoproject.com](http://www.satchmoproject.com)

## Spree

Spree é unha plataforma flexíbel para realizar comercio electrónico. Foi deseñada desde o principio de ser o máis aberta e extensible posible.

comercio electrónico

BSD

[spreecommerce.com](http://spreecommerce.com)

## SquirrelMail

SquirrelMail é unha aplicación de correo web. Pode ser instalada en servidores web que soporten PHP e acceso aos protocolos IMAP e SMTP. SquirrelMail segue o estándar HTML 4.0 para a súa presentación, facéndoo compatible coa maioría de navegadores.

Infraestruturas

GPL

[squirrelmail.org](http://squirrelmail.org)

## SugarCRM Community

SugarCRM Community é unha aplicación de xestión das relacións con clientes (CRM). Isto significa que permite administrar todo o que está relacionado cos clientes nunha empresa. Tanto o deseño das campañas de márketing como o proceso de venda e o servizo postvenda, poden ser xestionados a través desta ferramenta.

CRM

BSD

[www.sugarforge.org](http://www.sugarforge.org)

## Trac

### Descrición funcional

Trac cobre as necesidades técnicas para o desenvolvemento de proxectos de software. Integra un Wiki, que permite manter activa e vixente a documentación, unha vista dos cambios recentes (Timeline), un control de fitos (Roadmap) para coñecer o estado do desenvolvemento, unha interface para a revisión do código fonte (Browse Source), unha xestión de bugs (Tickets) con posibilidade de abrir, asignar e pechar incidencias e un potente buscador (Search).

## TikiWiki

TikiWiki é un sistema de xestión de contidos (CMS) de índole colaborativa (Groupware) doado de configurar e personalizar, deseñado para crear portais, sitios comunitarios, intranets e aplicacións web en xeral.

### Categoría

Xestión proxectos

Colaborativo

### Licenza

BSD

LGPL

### Web da comunidade

trac.edgewall.org

tiki.org

## Trisquel Pro

Trisquel Pro é un proxecto de desenvolvemento de software dedicado á creación do sistema operativo Trisquel GNU/Linux, 100% libre. É un proxecto aberto, iniciado pola Universidade de Vigo, cos recursos e infraestruturas da Facultade de Ciencias de Ourense e a Escola Superior de Informática de Ourense, e o traballo de Sognus e a comunidade de voluntarios. Esta versión contén unha completa colección de aplicacións para pequenas e medianas empresas, incluído soporte para facturación, contabilidade, punto de venda, xestión financeira, ofimática, multimedia, seguridade, e un longo etcétera. Inclúe: Contabilidade e facturación Abanq  
Xestión de finanzas GNUCash  
Xestión de proxectos Planner  
Xestión de punto de venda  
OpenBravoPOS

Distros

trisquel.info

## VirtueMart

VirtueMart é un compoñente de Joomla que implementa nun Sitio Web as funcionalidades dun software do tipo “Carriño de Compras”, permitindo crear un catálogo ou unha tenda on-line, perfectamente adaptada ás necesidades da pequena e mediana empresa, ou de calquera sitio que exhiba e/ou comercialice todo tipo de produtos.

comercio electrónico

GPL

virtuemart.net

## Zabbix

Zabbix é unha aplicación que permite monitorizar servidores vía web. Permite un acceso centralizado a toda a información obtida de nodos da nosa rede. Encontra automaticamente, mediante un rango de IPs, servizos e SNMP, e comeza a monitorizalos automaticamente. Permite unha administración sinxela, gardándose os datos en BD (Oracle, MySQL, PostgreSQL ou SQLite). Monitorización en tempo real, mandando avisos mediante email, SMS ou Jabber. Débese diferenciar entre o servidor e os axentes. Os axentes de Zabbix son os encargados de entregar os datos desexados ao servidor Zabbix.

Infraestruturas


GPL

www.zabbix.com



6

## Mapa xeográfico





Catálogo  
de produtos  
e servizos TIC

Colabora



Fundación para o Fomento  
de Calidade Industrial e  
Tecnolóxica  
de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA